



SOCIEDADES MERCANTÍLS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

IX. SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe a Comunidade Autónoma a potestade para constituír empresas públicas como medio de execución das funcións que son da súa competencia. Esa autorización deriva do recoñecemento explícito da iniciativa pública na actividade económica que aparece recollido no artigo 128 da Constitución, e rompe co principio de subsidiariedade da iniciativa pública, que supeditaba a creación de empresas públicas á falta da iniciativa privada. Por tanto a súa razón de ser hai que buscala no carácter de servizo público da actividade que desenvolven, no interese xeral que para o conxunto da sociedade supón a súa actuación ou por outras razóns, ben de oportunidade ou conveniencia, que xustifican a súa creación.

A Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as sociedades mercantís públicas. Segundo o artigo 102 da Lei 16/2010 son sociedades mercantís públicas autonómicas as sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesa lei. Ademais, seranlles aplicables as disposicións contidas na Lei 16/2010 ás sociedades mercantís que, sen teren a natureza de sociedades mercantís autonómicas, se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- a) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei dispoñan da maioría dos dereitos de voto na sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios.
- b) Que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais reguladas nesta lei teñan dereito a nomear ou a separar a maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios.

A resolución do 20 de xuño de 2013 da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos ao abeiro da Orde do 5 de xuño de 2013 da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, establece os formatos que deberán empregar as sociedades mercantís públicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás sociedades mercantís públicas son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, é dicir, presentarán os modelos que establece o Plan Xeral de Contabilidade, aprobado por Real Decreto 1514/2007, do 16 de novembro.

A continuación preséntanse os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas para o ano 2014 así como as subvencións da Comunidade Autónoma con que se financian.

Sociedades mercantís públicas autonómicas

	Explotación	Capital
Compañía de Radio-Televisión de Galicia e Sociedades	92.902	3.485
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	9.572	152
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	7.454	4.716
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.	915	
Xesgalicia, sociedade xestora de entidades capital risco, s.a.	1.905	80
Galicia calidade,S.A.	851	
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	1.398	45
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	4.625	
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	13.266	
Xenética Fontao, S.A.	3.771	250
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitario, S.A.	28.903	1.180
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	99.655	450
Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.	5.206	2.596
Xestión Urbanística de Lugo, S.A.	2.767	583
Xestión Urbanística de Ourense, S.A.	2.217	641
Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.	2.971	3.757
Total	278.378	17.935

(Miles de Euros)

Sociedades mercantís públicas autonómicas

	Subvenciones de explotación	Subvenciones de capital
Compañía de Radio-Televisión de Galicia e Sociedades	0	127
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	0	151
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	0	25.382
Galicia calidade,S.A.	371	399
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	628	395
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	2.639	0
Xenética Fontao, S.A.	8	250
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitario, S.A.	29.813	94
Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.	105	0
TOTAL	33.563	26.798

(Miles de Euros)